

irán dirixidas á Comisión Permanente Central de Selección de Persoal Laboral (Dirección Xeral da Función Pública, Consellería da Presidencia, Relacións Institucionais e Administración Pública, edificios administrativos de San Caetano, s/n, Santiago de Compostela).

Unha vez transcorrido o prazo citado con anterioridade, se é o caso, levaranse a efecto as emendas procedentes, dándoselles a oportuna publicidade.

Santiago de Compostela, 17 de xuño de 2004.

Belén Prado Sanjurjo
Directora xeral da Función Pública

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Orde do 7 de xuño de 2004 pola que se declaran aptos na fase de prácticas os aspirantes que superaron os procedementos selectivos para acceso ao corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional convocados por Orde do 28 de febreiro de 2003.

Por Orde do 1 de setembro de 2003 (DOG do 9 de setembro) nomeáronse funcionarios en prácticas do corpo de profesores de ensino secundario, profesores de escolas oficiais de idiomas, profesores de música e artes escénicas e profesores técnicos de formación profesional os opositores que superaron os procedementos selectivos convocados por Orde do 28 de febreiro de 2003, publicados nos anexos II, III, IV e V da Orde do 8 de agosto de 2003 (DOG do 22 de agosto), coas excepcións dos opositores relacionados no punto primeiro desta Orde do 1 de setembro de 2003 e os relacionados na Orde do 31 de marzo de 2004 (DOG do 19 de abril) por ter concedido aprazamento da fase de prácticas.

Rematada a fase de prácticas e vistas as propostas efectuadas polas comisións avaliadoras, esta Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

DISPÓN:

Declarar aptos na fase de prácticas e aprobados definitivamente nos procedementos selectivos convocados por Orde do 28 de febreiro de 2003 aos opositores relacionados nos anexos II, III, IV e V da Orde do 8 de agosto de 2003 (DOG do 22 de agosto), agás Andrés Martínez Gea, DNI 39458192, do corpo de profesores de ensino secundario, disciplina francés; Carmen María Ferreiro Soto, DNI 33999113, disciplina frauta travesa; Blanca María Vázquez Hermida, DNI 76928418, disciplina piano, Raúl Santos Álvarez, DNI 36165163, disciplina pia-

no e Javier Simo Echarte, DNI 18973938, disciplina trompeta, estes últimos do corpo de profesores de música e artes escénicas (por ter concedido aprazamento).

Santiago de Compostela, 7 de xuño de 2004.

Celso Currás Fernández
Conselleiro de Educación e Ordenación Universitaria

Anuncio do 11 de xuño de 2004, da Dirección Xeral de Persoal, polo que comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións para impartir os módulos profesionais de realización en multimedia.

En execución da sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo número un de Santiago de Compostela, do vinteito de novembro de dous mil dous, comunícase que se abre un prazo para realizar posibles interinidades ou substitucións para impartir o módulo profesional: realización en multimedia.

A titulación exixida é a de licenciado, enxeñeiro ou arquitecto.

O prazo para presentar a instancia solicitude, na consellería ou nas delegacións provinciais, será de 20 días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no DOG.

O baremo axustarase ao publicado no anexo desta resolución.

O modelo de solicitude atópase na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria ou nas súas delegacións provinciais.

A asignación da puntuación que lles corresponde aos concursantes será levada a cabo por unha comisión nomeada pola Dirección Xeral de Persoal e constituída por tres funcionarios destinados en esta dirección e dous profesores das especialidades de «procesos e medios de comunicación» ou «técnicas e procedementos de imaxe e son». Esta comisión estará cualificada na categoría primeira para efectos do previsto no Decreto 299/1990, do 24 de maio.

Santiago de Compostela, 11 de xuño de 2004.

Severino Somoza Gómez
Director xeral de Persoal

ANEXO

Baremo de contratación para prazas de interinidades ou substitucións nos módulos profesionais de realización en multimedia

1. Experiencia profesional.

1.1. Por cada mes de experiencia docente ou de experiencia profesional acreditada, traballando en multimedia: 1 punto.

1.2. Por cursos impartidos relacionados coa realización en multimedia:

Por cada hora: 0,05 puntos.

2. Actividades de formación:

Por actividades de formación relacionadas con multimedia:

Por cada hora: 0,04 puntos.

De todos os méritos alegados deberá adxuntarse a correspondente documentación xustificativa.

CONSELLERÍA DE XUSTIZA, INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL

Orde do 16 de xuño de 2004 pola que se anuncia convocatoria pública para a provisión, polo sistema de libre designación, dun posto de traballo vacante na Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local.

De conformidade co establecido no artigo 27.2º da Lei 4/1988, do 26 de maio, da función pública de Galicia, reformada polas leis 4/1991, do 8 de marzo, e 3/1995, do 10 de abril, e nos artigos 16 e 17 do Decreto 93/1991, do 20 de marzo, e en uso das atribucións conferidas polo artigo 15.4º da mesma lei, esta consellería

DISPÓN:

Primeiro.-Anunciar a convocatoria para cubrir, polo sistema de libre designación, o posto de traballo que se indica no anexo I desta orde.

Segundo.-Poderán concorrer a ela os/as funcionarios/as de carreira que reúnan as condicións que para o posto de traballo se sinalan no anexo I.

Terceiro.-As solicitudes para participar na presente convocatoria presentaranse no rexistro xeral da Consellería de Xustiza, Interior e Administración Local (edificio administrativo de San Caetano, bloque 5-3ª planta, 15711 Santiago de Compostela), nas súas delegacións provinciais ou nas oficinas previstas no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, no prazo de 15 días contados a partir do seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, segundo o modelo que se inclúe como anexo II.

Cuarto.-Os/as aspirantes deberán unirlle á petición un currículo vitae xustificando documentalmente os méritos que aleguen.

Os méritos alegados e non probados da maneira sinalada no parágrafo anterior non se terán en conta.

Quinto.-No caso de que resulte seleccionado/a para ocupar o posto de traballo que se relaciona no anexo I desta orde un/ha funcionario/a con destino noutras administracións, requirirase o informe favorable do departamento onde preste servizos, considerándose favorable de non emitirse no prazo de quince días, segundo o preceptuado no artigo 67

do Real decreto 364/1995, do 10 de marzo. Unha vez tramitado o seu traslado a esta comunidade autónoma procederase a adxudicarlle o posto para o que foi seleccionado. Se no prazo de dous meses a partir da publicación no DOG, o/a funcionario/a seleccionado/a non se puidese incorporar á comunidade autónoma, considerarase deserto o posto e poderase proceder de novo á súa provisión.

Sexto.-A resolución desta convocatoria farase pública no DOG e poderá, de considerarse oportuno, declararse deserto o posto de traballo.

Sétimo.-O prazo de toma de posesión será de tres días hábiles se o destino anterior radica na mesma localidade do novo, e dun mes se radica en localidade distinta ou comporta o reingreso ao servizo activo. O prazo de toma de posesión empezarase a contar a partir do día seguinte ao do cesamento, que se deberá producir dentro dos tres días hábiles seguintes ao da publicación da resolución no DOG, agás no caso de procedencia doutras administracións, que deberá efectuarse dentro dos tres días hábiles seguintes ao da resolución do traslado á comunidade autónoma, co límite dos dous meses a que se fai referencia no punto quinto desta orde. Se a resolución comporta o reingreso ao servizo activo, o prazo de toma de posesión deberá computarse desde o día seguinte ao de publicación da resolución no DOG.

Oitavo.-Contra esta orde, que pon fin á vía administrativa, os interesados poderán interpor recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo competente no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 16 de xuño de 2004.

Jesús Carlos Palmou Lorenzo
Conselleiro de Xustiza, Interior e Administración
Local

ANEXO I

Código do posto: XUC050000115770006.

Denominación do posto: Servizo de Planificación e Xestión.

Grupo: AB.

Nivel: 28A.

C. específico: 11.441,40.

Corpo ou escala: xeral (F.C.S.).

Adscrición admóns. públ.: A14.

Formación específica: 640.

Dependencia: Dirección Xeral de Interior e Protección Civil.

Localidade: Santiago de Compostela.

Descrición códigos da adscrición a administracións públicas:

A14: adscrición indistinta a funcionarios da Xunta de Galicia, Estado CC.AA. e forzas e corpos de seguridade do Estado.

Descrición de códigos de formación específica:

640: para persoal doutra Administración, curso de perfeccionamento de galego (requisito indispensable).